

GUÍA DOCENTE DE **PIANO APLICADO I-IV**

## ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2015, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: PIANO APLICADO I-IV										
ESPECIALIDADE	Produción e xestión							ITINERARIO	---	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Individual	
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	PROCEDEMENTOS
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	0'5 h.
ECTS/CUAD.	1'5	1'5	1'5	1'5					Observacións:	-----

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Desenvolvemento dos principios básicos da técnica pianística, da capacidade de lectura a primeira vista e transposición, da improvisación, e da comprensión dos elementos e procedementos constructivos (estructuras harmónicas, procesos formais, etc.). Traballo dun repertorio de diferentes estilos.
COÑECIMENTOS PREVIOS:	Os tratados no grao profesional en Piano Complementario
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	O estudo do Piano Aplicado debe verse como unha disciplina que globaliza e aúna distintas disciplinas como son Análise, Formación e adestramento auditivo e vocal, Composición, Redución de partituras, Improvisación e acompañamento e Composición aplicada. A disciplina está deseñada con un carácter eminentemente práctico e funcional para o futuro músico, introducíndolle na audición e práctica polifónica, así como na análise e no desenvolvemento de estruturas harmónicas. As diferentes disciplinas reúnen certas características comúns, cuxo coñecemento e práctica son esenciais para a formación dun músico, e o Piano Aplicado ten a virtude de facer este percorrido transversal ao longo delas.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X3, X4, X8, X10, X13, X17, X21, X22, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EPX5, EPX6, EPX7
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Desenvolver unha técnica pianística básica para conseguir unha relaxación fisiolóxica e mental que permita a comprensión e realización das ideas musicais no teclado, empregando as posibilidades sonoras do instrumento.	TODAS
Alcanzar progresivamente rapidez de reflexos na lectura a primeira vista, o transporte e a redución/simplificación de partituras, a través da aplicación do análisis.	T3, T13, X1, X2, X3, X4, X8, X13, X17, X21, X24, EI2, EI5, EI7.
Estudar estruturas harmónicas básicas frecuentemente utilizadas.	T3, T13, X1, X4, X13, X17, EI2, EI6, EI7.
Analizar harmónicamente partituras sabendo extraer delas os elementos básicos e establecer solucións paralelas ás do autor.	T3, T13, X1, X2, X4, X8, X13, X17, X21, X22, X24, EI2, EI6, EI7.
Inventar motivos melódicos desenvolvidos de acordo cos procesos de pregunta-resposta e adaptación por transporte e enlace de estruturas harmónicas básicas.	T3, T13, X2, X22, EP2, EI2, EI5, EI7.
Desenvolver a creatividade rítmica, melódica e harmónica. Improvisando o teclado por medio de estruturas harmónicas cada vez mais desenvolvidas, e aplicando todos os coñecementos estudados.	T3, T6, T13, X1, X2, X4, X13, X21, X22, EI2, EI5,



	EI7.
Saber realizar distintos tipos de acompañamentos desenvolvendo unha estrutura harmónica dentro dun discurso musical, aplicando todos os medios técnicos aprendidos, do xeito mais evolucionado posible e co estilo que se traballe.	T3, T6, T13, X1, X2, X4, X13, X21, X22, EI2, EI3, EI5, EI7.

#### 4. CONTIDOS

1. Desenvolvemento técnico
2. Análisis
3. Interpretación
4. Lectura a primeira vista e transposición
5. Área creativa: Armónica. Melódica. Acompañamento.

#### 5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Práctica de aula: Traballo pormenorizado e desenvolvemento paralelo e uniforme dos temas 1 a 5 da disciplina, en clases individuais e con apoio do docente a nivel expositivo e interpretativo.	Presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Práctica individual: Adestramento persoal do alumno de todas as ferramentas achegadas polo docente na aula.	Non presencial	Permanente durante o cuadrimestre

#### 6. AVALIACIÓN

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, ordinaria e extraordinaria. No caso de perda da avaliación continua o alumno/a deberá acollerse ao disposto no apartado de avaliación alternativa da programación docente correspondente.

Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.